



# calendario do primeiro trimestre

OUTUBRO '24			
4	ADOS E XUVEN	INAUGURACIÓN XUVENIL	21:30 - 23:30
5	TODOS + FAMILIAS	DÍA DA FAMILIA	17:00 - 19:00
18 - 19	ADS	URBANOCAMPADA ADS	VENRES 20:00 - SÁBADO 10:00
19	SALTIMBANQUIS	BÚSCASE ADESTRADOR	11:15 - 13:00
	ANDAINA	SALTO CUÁNTICO S05 / DOMUND	
19 - 20	TODOS	MESA DO DOMUND	(CONSULTAR)
26	SALTIMBANQUIS	CONVERTÍMONOS EN ADESTRADORES	11:15 - 13:00
	ANDAINA	SALTO CUÁNTICO MIN05	
	ADS	CASINO ADS	

30-31	TODOS	ATP SAMAÍN	(CONSULTAR)
XOVES 31	TODOS	MISTERIOS NO SAMAÍN	11:15 - 13:00
NOVEMBRO '24			
9	SALTIMBANQUIS	XIMNASIO DA AUGA	11:15 - 13:00
	ANDAINA	SALTO CUÁNTICO A 13	
	ADS	FRIENDS	
8 - 11	TODOS	ATP SAN MARTIÑO	(CONSULTAR)
15	ADOS E XUVEN	MAGOSTO XUVENIL	22:00 - 23:30
16	TODOS	MAGOSTO INFANTIL	11:15 - 18:00
22 - 24	ADOS E XUVEN	CAMPOBOSCO (EN LEÓN)	(CONSULTAR)
23	SALTIMBANQUIS	XIMNASIO DA ROCHA	11:15 - 13:00
	ANDAINA	SALTO CUÁNTICO Z 00	
	ADS	PARLAMENTO ADS	

30	SALTIMBANQUIS	XIMNASIO DO LUME	11:15 - 13:00
	ANDAINA ADS	PISTA DE XEO	
DECEMBRO '24			
5 - 8	TODOS	ATP CONSTITUCIÓN	(CONSULTAR)
7	TODOS	QUILABORANDO	11:15 - 13:00
14	TODOS + FAMILIAS	SEMENTADORES DE ESTRELAS	11:15 - 13:30
20-21	ADOS E XUVEN	OQ INTENSIVA	(CONSULTAR)
21 - 7	NADAL EN AMENCER		(CONSULTAR)
XANEIRO '25			
10	ADOS E XUVEN	FESTA XUVENIL DE REIS	22:00 - 23:30
11	TODOS	FESTA INFANTIL DE REIS	11:15 - 13:00

Os grupos de ADOLESCENTES e XUVENTUDE teñen o seu ritmo propio de reunións semanais

As posibles modificacións deste calendario serán anunciadas con anterioridade nas nosas RRSS e na nosa web

un ano máis dende Amencer pómomos en marcha a nosa campaña de Lotaría. Para que vendemos Lotaría? A través da compra das participacións colaboramos entre todos coa campaña de verán permitindo que ningún rapaz se quede sen campamento. Animáste a vender un talonario e de paso axudar e axudarte? Que a sorte nos acompañe...



## Mellor Dito

¿Por que dicir \*inselle a olla ou \*ille o santo ao ceo para expresar que alguén perdeu a noción de onde está ou que esqueceu algo, cando temos de noso inselle do testo, da cabeza, pasárselle, perdeille o fio ao nobelo, descamiárselle a desta...?

# trisqueL

folla voante

outubro - decembro 2024 3º tempada / nº48

saúdo



Queridos amigos lectores de **TRISQUEL**: Permítome saudaros con esta palabra tan bonita: **AMIGOS**.

Chámome **Eusebio** e son salesiano sacerdote que, desde o mes de xuño, vivo en Ourense. Encomendáronme a tarefa de ser o director desta CASA SALESIANA da que forma parte o equipo de animadores do IEF en **AMENCER**

Na miña aínda curta estancia na cidade vou coñecendo algo da grande riqueza de vida que, dalgún xeito, recóllese en **TRISQUEL**. Felicítovos e ánimovos a seguir. "Seguir" é unha norma sinxela e sabia de vida; é moi bo o que vivides; é tan bo, que non queda máis remedio que **SEGUIR**. Así o fixo don Bosco: desde a súa infancia **SEGUIU** facendo tanto ben en favor de moitas persoas, sobre todo, mozos.



Para todos vós vai o meu saúdo, a miña palabra de **ÁNIMO** para vivir a vida có ánimo e esperanza que o fixo don Bosco.

Eusebio Martínez, director da Obra Salesiana en Ourense



## recuncho das familias

**AMENCER INFORMA**  
Sabías que...

...O lema escollido para todas as Obras Salesianas de España, incluído Ourense, neste curso 2024-25, é "**Somos futuro**". Neste curso queremos contaxiar a tan necesaria esperanza nas nosas vidas.

...Este verán **1840** rapazas e rapaces, mozas e mozos participaron nos **10** proxectos educativos de tempo libre (catro campamentos de aire libre en Cambados, dúas Mañás de Verán, dous Campamentos Urbanos, Campobosco en Turín, Curso de Monitores en Logroño) organizados por **AMENCER**.

**EDUCANDO XUNTOS**

Neste curso queremos invitarvos a unha actividade na que nos eduquemos tanto as familias como os animadores e animadoras de **AMENCER**. Queremos que participedes nun club de lectura de persoas adultas, no que leamos nas vosas casas dous libros en galego, lles deamos unha valoración de 0 a 10 e ao finalizar poidamos xuntarnos cun dos autores deses libros e ter un diálogo con eles. Até o mes de abril. Ademais, poderíamos levar a cabo outras propostas que saian de todos nós.

Os libros elixidos son:

**Madame de Treymes** de Edith Wharton Edit. Bululú  
**A noite das cebolas** de Rosa Aneiros de Edit. Xerais **Animádevos!**

**COLABORACIÓN FAMILIAR COTA "0"**

En cada Folla TrisqueL seguimos indicando unha acción concreta para estar máis implicados como familia en **AMENCER**

Neste primeiro trimestre propoñémosvos, como xa ven sendo tradicional, convertervos en familia-socio de **AMENCER**

Os vosos fillos e fillas, por participar nos grupos de Saltimbanquis, Andaina, ADS, ADOS, Xuventude e grupos de Catecumenado xa son socios e socias da Asociación Xuvenil **AMENCER**. Mais queremos seguir potenciando que as propias familias, iso é, toda a familia (ademais dos fillos e fillas que xa son): O pai, a nai, os irmáns..., que todos sexades socios honoríficos de **AMENCER**. Para iso teredes que cubrir unha ficha familiar e obteredes un carné propio como familia-socio honorífico de Amencer.

Asumindo que as familias que vos faredes socias é por compromiso coa nosa acción educativa, xa vos informaremos dalgunha vantaxe que terá este carné. O importe será de **50 € por familia** (incluída xa a cota dos vosos fillos/as).

colaboran

edita **trisquel**

Director: Xulio César Iglesias  
Mesa de redacción: Equipo IEF Amencer  
Deseño e Maquetación: Ángel Fragata

Asociación Xuvenil Amencer  
Praza Don Bosco 1, baixo  
32003 - Ourense  
988 21 81 23  
amencer@amencer.org



[/axamencer](#)  
[@axamencer](#)  
[@axamencer](#)  
627 963 883  
[axamencer.org](#)

ALFONSO ATIAS e Hnos. S.L. escher ourense

PUGA REPROGRAFÍA PAPELERÍA



# os teus fillos e fillas, os protagonistas

É un proxecto de tempo libre formado polo grupo SALTIMBANQUIS (para rapaces/zas de 6 a 8 anos) ANDAINA (de 9 a 11 anos), grupo ADS (de 12 a 14 anos) e GRUPOS XUVENÍS de CATECUMENADO (de 14 a 19 anos) que a partir de actividades semanais, saídas, xuntanzas e campamentos pretendemos ser mellores persoas e cristiáns. Os Saltimbanquis xuntámonos os venres de 18:00 a 19:30. Os Andaina e ADS xuntámonos os sábados de 11:15 a 13:00. E os GRUPOS XUVENÍS depende dos participantes.



**Saltimbanquis**



**Andaina**



**ADS**



**Grupos xuvenís**

## APOIO EDUCATIVO

(Primaria de luns a xoves, de 17:30 a 19:30) / ESO de martes a xoves de 16.00 a 17.30)

Unha sala e un equipo de animadores/as que poden botarche unha man nos teus estudos, traballando contigo técnicas e destrezas de estudo.

## SALA ABERTA

(de luns a venres polas tardes)

Unha sala para pasar o tempo libre cos amigos e amigas.

Con xogos de mesa, revisteiro, punto de información xuvenil, actividades lúdicas, cine, televisión, bar-eto, concertos, exposicións e outras moitas iniciativas que ti nos propoñas.

## PROXECTO XANGAL

(de luns a venres polas tardes)

Sala de Xogos: ciber, fútbolín, pimpón. Sala 15 Anos: exposicións, actividades infantís e ludoteca, comics, proxeccións, obradoiros...

Tebeoteca: unha sala para ler, estudar, facer traballos cos compañeiros e compañeras...



## A TOPE NA PONTE


Son actividades puntuais e abertas que se desenvolven en fins de semana, pontes e vacacións escolares.

Neste primeiro trimestre: Samaín (30 de outubro-3 de novembro); San Martiño (8-11 de novembro); Inmaculada (do 5 ao 8 de decembro); Nadal en Amencer (do 22 de decembro ao 7 de xaneiro).

Hai actividades deportivas, musicais, lúdicas, concursos, proxeccións, obradoiros, grandes xogos...

## AMENCER NA NOITE

Actividades para mozos e mozas maiores de 14 anos, polas noites (de xeito puntual, en fins de semana e períodos de vacacións escolares). Hai ofertas para todos os gustos: deportivas, musicais, obradoiros, cine, xogos, festas galegas e outras festas...



CAMPAMENTOS	Rapaces/as	Animadores/as	TOTAIS
SALTIMBANQUIS	6	2	8
ANDAINA	40	7	47
ADS	38	4	42
ADOS	58	8	66
CAMPOBOSCO	-	2	2
MAÑAS DE VERÁN	611	69	680
C.URBANO INFANTIL	674	95	769
C.URBANO XUVENIL	166	-	166
CURSO DE MONITOR	-	1	1
TEMPOS DE TROULA XUÑO	49	12	61
<b>TOTAIS</b>	<b>1642</b>	<b>200</b>	<b>1840</b>

## EXTRAESCOLARES

CIENCIA DIVERTIDA: LUNS 17:30 - 18:30

INICIACIÓN O TEATRO: MARTES 17:30- 19:00

COCINA DIVERTIDA: XOVES 17:30 - 19:00

MÚSICA E MOVEMENTO: VENRES 17:30 - 18:30

## MAÑAS DE NADAL

DURANTE OS DÍAS 23 DE DECEMBRO AO 7 DE XANEIRO